

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 2 de decembro de 2021, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: Apertura electrónica do sobre A, correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de Padrón municipal de habitantes para concellos. (Expte. 2020029219).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 29 de outubro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de Padrón municipal de habitantes para concellos.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 29 de outubro de 2021 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 31/10/2021. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.



Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- AYTOS Soluciones Informáticas, S.L.U.(B-41632332)
- ATM GRUPO MAGGIOLI S.L. (B-28798775)

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

